

-movimentos-

quico

no
n
ou

CATRINETA
EDICIÓNS EN FACHADA

...el rat penat sobrevola
les trabècules del
cel...

a elena...

limiar

"...ela e il il e ela medráronse pola probabilística das esquinas...e eisí abriron fiestras nas que respiraron a fricción da franela e o frío do cristal...il e ela trazaron movimentos cos que nacía o código postal e as palabras arañaron no buzón...ela e il il e ela crearon as físicas todas e chamáronlle nós..."

RECLÚEME
no cuarto escuro de teus medos
pra estuda-la astroloxía que t'encerra
as cicatrices herdadas do corpo
o imposíbel negocio da derrota

e devalar
sen máis en
fiestra fonte ou cabalo

A CASA
tiña o bagazo dun viño acedo
e a balanza fatal da lúa chea

A CASA
non er'animal de compañía
e pasaba ferida en tódalas súas maus

A CASA
tropezouse nos calcañais abertos
das baldosas

e A CASA nascera chorada
póndose
de
nico

fos'A CASA
unha cicatriz de xeracións inventadas,
inda

Cartografía

Gasoil balas celo
prevendo a entrada coma
na epiderme dun pantocrátor

Agora e Agorafobia: Alfa. Amizade.
Bar.
Calma. Camiño e Catarse: Contigo.
Dor. Durante.
Estar.
FACER. FACERE. FAI. Ferro.
Gravidade. Grúa.
Histeria. Historia.
Insominio. I.V.E.
Jazz.
Kali-yuga-necesario.
L'amour. Lóstrego.
Memoria. Moi.
NON.
Ñuren kaka. Cagalló del NYu. Cagada del Ñu. Cagalhão do
/GNu.Caghallón do.
Omega-Oppenheimer.
Pausa:
“La piedra es una frente donde los sueños gimen.”
Por min e por tódolos meus compañeiros.
Quen?
RAN. Rula. Run.
S.O.S
(Tic-Tac-Tic-Tac)TÁCTIL.
Ultraxe(Pregunteiche e dixeche: Urticaria).
Violenza. Vir. Vir: Vivir.
w.w.w.
Xiada.
Zappa. Zas.

só, perséfone, dun querer macabro e instrutivo: PERSEPHONE,
podemos

AGULLA

(sendo programa-miseria espanto ó domingo ou
revolta do espello,ás mais que luitaron
desastre…)

son as horas da violenza multiforme
soñadas no reverso antonte da luita
pola noite enferma que dorme na toxina
e a choraron as mais
cando xa só elas o crían útil
no tratado dos gabáns
baixando ós insomnios da nube negra
que pinga a ruína absolutamente aberta
e lle chamaron pascoa fracasada
ou automatismo da caída
aquiles

...sempre ti me salvache dun min
que me cravaba, convertendo vermellos
a piques do coitelo en vermello namorado...com'ás
amoras...e souben rir de verdade sóio sendo
contigo...e cecais nunca se non ti...

...o meu sangue sulca en acudir a ti
o seu cárcere de me mantere vivo
at'avagar calado ó caixón da cociña
que na badalada suficente do NON
devolta en che brinda-la man homicida
namentres un pano súa no peto,

dunha cor...

peitea o día
as arvres coma punkies
axitadas

o rubor das follas
intuído dend'a saba
que s'espreguiza
no soave triunfo dos corpos sen pixama
e o *déjà vu* do lamber,

lembras?

morreu a señora celsa

morriche ti que tanto me quixeche
e máis me doe cá túa morte a feble lembranza do
teu recordo e máis me doe que me doia esta feble lembranza ca ti
pedra e corazón tatuados cabelos longos e sempre brancos
máis brancos hoxe ca ningún regueiro d'inverno, gume: e non
lembro

estúpido, estúpido narciso que brama, ti non, serás anxo e folerpa
/dest'inverno que todo
rematará cubrindo, estúpido, estúpido narciso!cos teus cabelos
/propagados
cand'á noite da Compaña, estúpido narciso, e gadaña...

sacrificio

...o espello convócate
no eco total da súa mudez
evidenciando tod'ó que quere e quéreo todo
ó topa-lo martelo exacto
na mau sen forma
e a curiosidade inmensa de ver...

naide me dixo nunca có fondo diste cuarto
houbera unha parede
nin que fora dunha pintura tan grandísima.
que cecais nunca vivira eu un cuarto
onde suaramo-lo corpo sen a fondura
de que parede nin que foramos tampouco tan
retratos de qu'húmidos pinceis.
e cecais fos'eu unicamente
unha parede máxima e nunca un cuarto.

a fotografía de nona

estivo ben
incluso falamos de buckowski

namentre-la música esvaraba
a métrica xeoestratéxica
dos litros d'estrela
e monadas
qu'a clientela apuraba en ser feliz
connosco escachando,
salmón chocho pis!

coma s'o espanto
esfragase nun mapa imposíbel de metáforas
por onde tan só faltaba susi

mondoñedo sen prumas
é no bico de cunqueiro
prefigurando trebas
e melancolías
no van ilusorio
das ventás

un hamlet emigrado nesta franxa
das preguntas inauditas
xogándose en ser ou non-ser
il tamén
sombra eterna d'elsinor
ás costas

pra cand'
as badaladas doutros tempos
espertan
en despedir a ista rula-rula
das dez mil primaveiras
ceo doutras
illas
areladas ou fracasadas,

pro -sempre- cantadas...

a tódalas mulleres, e con espacial tacto ás da miña vida, ás que me mostran cada día a marabilla do mundo.

...a dona do corpo salgado
estreitou os peitos da terra
e co pube desfeito en escume
abreu as cortinas de safo...

...a dona do corpo arrombado
leu as súas maus coma fendas
e coa casa posta d'alcume
chamou a seu ventre faiado...

...a dona do corpo delgado
ventando do froito sangrado furou cristais de medo
dona do corpo d'ulrike do corpo delgado de kahlo...

...e cando a piques
da dona dicían qu'era un maio esquencido
soubérona ser primaveira tinguindo no vento unha VOZ...

EIQUÍ-AGORA-O-NOSO-CORPO-FAGUERÉMOLO-NÓS!

A NOITE LOIRA.

eiquí, as liñas coma sucos
dos segredos que perdimos sixilosamente
polo oco do leito e da agulla
ond'a cada pinga lle cosimos un fío lento
pra non desangra-la verdade qu'habita na arteria
do código postal
e darmos sempre co nobelo enredado
no mapamundi do peito e do pube

...a vós, os bos...que por serdes anxos sensuais non preciso delinear xénero nin sexo...e coa delicia de te-lo conseguido: a ainhoa e esther por serme as leitoras que me aleitaron dende os primeiros versos (ENCANTÁDESME...!)...a jan e brais por confirmar que as distancias que afastan poden ser da mesma condición que as veas quentes que nos unen...irmaus de sangue!...a eladino e rema por me apurar a non deixa-la poesía no caixón...a miña irmá por ser de certo unha luz...e a TI, miña elena, por serMOS os movimentos que levaron á pruma a cartografia-la verdade que somos, a das químicas inapropiábeis, a das físicas imposíbeis...A NOITE LOIRA,
a
miña
vida...a-rula-das-dez-mil-primaveiras...amareite
sempre, e como sexa, dende as unllas!...